

Na procura dunha xenealoxía dos Equipamentos para a Educación Ambiental en Galiza

Araceli Serantes Pazos.

Universidade da Coruña

RESUMO: Os equipamentos de educación ambiental son un movemento educativo ben recente, máis cunha forte e inequívoca pegada de numerosas experiencias inovadoras que se desenvolveron dende a Ilustración. Iste artigo é un percorrido que ben podería constituir unha xenealoxía a nivel internacional e galego.

ABSTRACT: Environmental Education Facilities are a very recent educational movement, but with clear connections to numerous innovative educational experiences which have been evolving since the Age of Enlightenment. This article presents an approach covering the genealogy of this movement in Galicia as well as on an international scale.

Son escasos os estudos exhaustivos no ámbito dos *equipamentos para a educación ambiental* (EqEA en adiante) e máis escasos aínda os que abordan o tema dende unha perspectiva histórica. O propósito destas páxinas é, precisamente, contextualizar os equipamentos nas correntes históricas da práctica e do pensamento educativo que farán posible que existan tal e como hoxe os coñecemos. Tentaremos construír unha xenealoxía no sentido que sinala Michel Foucault, analizando os precedentes dos EqEA dende a situación presente, cos plantexamentos actuais e dende a lóxica contemporánea (Robert Castel, 2001).

Ao longo da historia aprézase que os cambios políticos de carácter rupturista teñen importantes repercusións no ámbito educativo e cultural. Máis concretamente, as mudanzas políticas de carácter democrático adoitan dar pé a interesantes movementos de innovación, que terán a súa expresión tanto no eido educativo formal como no non formal.

Os EqEA non quedan á marxe desta dinámica, pois aparecen coa decadencia do período franquista, nun momento de vitalidade social, onde existe unha grande sensibilidade e receptividade ante a crise ecolóxica global. Son unha das respostas á crise ambiental e educativa que se ven denunciando dende diferentes fronteas, que non é máis que a crise dos valores da civilización occidental, froito da imposición dos criterios neoliberais. Os EqEA podemos entendelaos baixo as claves que, noutro contexto, indica Jaume Carbonell (2000, pág. 6): a recuperación da memoria pedagóxica de man da resistencia antifranquista, a creación de redes de escolas inovadoras e alternativas, o xurdir de movementos renovadores de profesores e profesoras, así como doutros profesionais que buscan novas fun-

cions sociais para a educación e promoven outros modelos de ensinanza e aprendizaxe.

Consideramos que os EqEA son iniciativas *heteroxéneas de educación non formal*, que contan con unhas *instalacións* (fixas ou móbis) axeitadas para realizar un *proxecto educativo* que ten como fins e obxectivos os propios da *educación ambiental* (EA). Os programas son desenvolvidos por un *equipo educativo* relativamente estable e profesionalizado, que dispón dunha serie de *recursos e materiais*, creados ou adaptados por eles mesmos para a execución e avaliación das actividades. Estas iniciativas son *xestionadas* coherentemente cos principios de sustentabilidade, *revisadas* tanto por axentes internos como externos, e debidamente actualizadas. Experiencias como *Graxas Escola, Aulas da Natureza, Centros de Interpretación, Centros de Educación Ambiental, Aulas Activas, Ecomuseos, Albergues da Natureza*, etc. constitúen o noso obxecto de estudo.

A primeira iniciativa xurdiu no ano 1977 –a *Escola de la Natura Can Lleonart* no Parque Natural do Montseny– e dende entón abríronse centos de centros. O Estado español é que ten maior número de iniciativas: unhas están adaptadas doutras realidades (por exemplo as vinculadas á xestión de espazos protexidos, cunha grande influencia anglosaxona) e outras son propostas endóxeas (como as Graxas-Escola).

En sentido estricto, só se pode falar de EqEA a partir dos anos 70, cando a EA aparece consolidada como movemento educativo crítico e problematizador da relación que establecemos as persoas co Planeta. Pero malia seu carácter novedoso, trátase de iniciativas socio-educativas herdeiras dunha tradición pedagóxica e naturalista inovadora, ampla e prolongada no tempo, con propostas que deixaron unha importante pegada, e que serán rescatadas e adaptadas para facer fronte aos problemas ecolóxicos, aplicando a nova cosmovisión da Natureza e do pensamento ético contemporáneo.

Nas páxinas que seguen analizamos en primeiro lugar as finalidades que animaron as iniciativas que dende a Ilustración poderían considerarse como precedentes deste tipo de prácticas, para posteriormente agrupalas en función da súa natureza.

1. Antecedentes dos EqEA: tendencias segundo as finalidades

O propio movemento de EqEA non pode ser entendido dun xeito lineal; haberá un importante evoluir nesa búsqueda de dar resposta á problemática ambiental: dos primeiros centros especificamente *educativos* ou ligados á *xestión do patrimonio* natural, aos centros máis comprometidos co *desenvolvemento sostible*, coa dinamización dos *recursos locais* ou con propostas vencelladas ao *turismo* e o *lecer*.

Do mesmo xeito, cando buscamos antecedentes, tanto na Galiza como no resto dos países occidentais, e fixándonos nos fins, rexístrase a existencia, cando menos, de cinco finalidades fundamentais, que non resultan en absoluto excluíntes:

1. *Hixienistas*: na procura de solucións aos problemas de saúde dos rapaces e rapazas, que viven en condicións insáns nas cidades, xurdirán experiencias baseadas no exercizo físico, o contacto coa natureza e unha alimentación equilibrada. A fórmula máis xeralizada serán as *colonias escolares* e as *escolas ao ár libre* (José M. Bernal, 2000, páx. 171, considera que estas últimas constitúen un precedente válido das actuais aulas da

natureza), todas elas dirixidas polos mestres e mestras das escolas. Trátase de experiencias claramente pedagóxicas, aínda que o fin sexa favorecer a saúde dos máis pequenos.

A primeira *colonia escolar* na Galiza foi promovida pola Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago, e tivo lugar entre o 31 de xullo ata o 27 de agosto de 1893 (Antón Costa, 2001).

2. *Científicas*: como resposta á necesidade de catalogar e rexistrar o patrimonio natural e cultural, realizáranse *paseos escolares e excursións*, promovidos fundamentalmente polos científicos e os catedráticos dos institutos; no Estado español serán introducidos pola Institución Libre de Ensinanza (ILE) (Ángel Porto, 1986).

A primeira referencia galega de *excursións escolares*, aínda que cunha orientación eminentemente educativa, atopámola na iniciativa de Vicente Pérez Sierra, inspector de ensino primario de Lugo, que proporá as tardes dos xoves para realizar saídas nas que os nenos poidan relacionar a teoría de ciencias naturais coas prácticas agrícolas (Narciso de Gabriel, 1989).

3. *Educativas*: baixo a influencia do naturalismo pedagóxico, e cunha visión do medio natural e rural romántica, aburguesada e ruralista, como espazo de reencontro cos valores que se están a perder nas sociedades urbanas, preténdese recuperar o valor educativo do contacto coa natureza. As *Escolas ao ár libre, Escolas do bosque, Escolas do mar, Escolas-horta, Escolas-xardín, Escolas-granxa...* serán algún dos exemplos.

No noso caso, podemos sinalar a Escola-granxa promovida en Ribadeo (Lugo) polo mestre Gregorio Sanz.

4. *Socio-económicas*: experiencias orientadas á millora das condicións de vida no medio rural mediante a renovación das prácticas agropecuarias. Os destinatarios son tanto os labregos como os seus fillos e fillas; neste último caso preténdese que aprendan a darlle continuidade aos traballos que viñan desenvolvendo as súas familias dun xeito máis moderno e competitivo. Existen numerosas experiencias que se axustan a estes propósitos: *granxas de experimentación, campos de demostración agrícola, cotos escolares, Festa da árbore, Sociedades Escolares Forestais...*

A máis senlleira na nosa comunidade posiblemente sexa a promovida polo empresario lucense Antonio Fernández López, que creou a *Escola Agrícola da Granxa de Barreiros* (1948), dirixida inicialmente por Avelino Pousa Antelo (Avelino Pousa Antelo, 1988), e que promoveu os cursiños de formación agropecuaria para mestres da escola rural, celebrados entre 1948 e 1971 (Narciso de Gabriel, 1989). No escenario do que no seu día foi a *Escola Agrícola da Granxa de Barreiros* funciona actualmente unha Granxa-escola.

5. *Patrióticas*: identifican os valores do patrimonio natural e cultural coa identidade nacional. Os *paseos, excursións e acampamentos* serán as fórmulas máis frecuentes.

Existen numerosos exemplos na Galiza, fundamentalmente arredor da II República: a *Sociedade Galega Excursionista* (1907), o *Seminario de Estudos Galegos* (1923), o *Grupo arredista Ultraya* (1932), as *Mocedades Galeguistas* (1934)... (Xosé A. Fraga, 1990).

Unha vez identificados os obxectivos que animaban as diversas iniciativas –que, insistimos, aparecen case sempre ensarillados, por máis que poida predominar unha determinada orientación– revisaremos algunhas das modalidades máis relevantes: excursionismo e paseos escolares, centros educativos no medio natural, iniciativas de carácter socio-económico e colonias escolares.

2. Excursionismo e paseos escolares

Josep González-Agápito e outros (2002, páx. 314) presentan as *excursións* e os *paseos escolares* como medio para o desenvolvemento integral das persoas, tanto físico como moral e psicosocial, cunha forte pegada do *hixienismo*. Existen nembargantes experiencias con outras orientacións: as ligadas ao coñecemento *científico*, que participarán dos enfoques de investigación do momento (positivismo e historicismo), á *educación*, entendéndoos neste caso como fonte de formación e coñecemento, ou á formación da *identidade nacional*. Cataluña é a primeira en desenvolver o excursionismo científico, patriótico e de lecer, mais será a ILE quen “invente” o excursionismo educativo (Joaquín Fernández, 2002, páx. 171).

Xa na Ilustración, autores como Frai Martín Sarmiento defenderán os *paseos instructivos* polo campo para o estudo directo da natureza e a dignificación dos oficios artesanais, posibilitando a observación dos sistemas de traballo e a aprendizaxe de vocabulario específico: coñecer as cousas naturais que Deus creou e as artificiais que crearon os homes (Buenaventura Delgado, 1998, páx. 150; Eugenio Otero, 1998, páx. 171). Gaspar Melchor de Jovellanos tamén alentará os paseos en termos similares.

Pero será a partir de 1857, coa fundación do *Alpine Club* en Londres, cando xurdirán en toda Europa *sociedades excursionistas* adicadas á investigación do medio natural e á confección de mapas, herbarios, coleccións, etc. Servirán fundamentalmente para inventariar a natureza do país e recuperar a cultura e as tradicións dos lugares. Isto só pode entenderse nun contexto de expansión da clase media e da súa mobilidade, fundamentalmente a través da difusión do ferrocarril. No Estado español, a primeira sociedade excursionista será para José Gutiérrez (1993, páx. 201) o *Club Explorador y Excursionista de Sierra Nevada* (1882), se ben Santos Casado (2001, páx. 45) sinala como pioneira a *Asociació Catalanista d'Excursións Científiques* (1876), que se fusionará anos máis tarde con outras, dando lugar ao *Centre Excursionista de Catalunya* (1891) (Jordi Martí-Henneberg, 1996).

Non podemos esquecer a importancia que lle deron numerosas teorías pedagóxicas ao excursionismo como forma de tomar conciencia da realidade e de xerar experiencias de aprendizaxe. Poñamos como exemplos as *excursións instructivas* e as *leccións das cousas* popularizadas por Johann H. Pestalozzi ou o *excursionismo* promovido pola Escola Nova para procurar no contacto coa natureza novos contidos e formas de ensinanza. Mais no Estado español o grande referente será a ILE, que as propondrá como parte esencial do sistema educativo polo seu interese científico e pedagóxico. Profesores e promotores da ILE como José Macpherson, Francisco Quiroga, Salvador Calderón, Ignacio Bolívar e Augusto González de Linares, influirán dende as Universidades e Centros de Investigación na implantación do excursionismo nos primeiros niveis da ensinanza (Santos Casado, 2001, páx. 23).

Torres Campos traerá a idea das excursións dende París no 1878, e será o primeiro responsable do excursionismo na ILE (Angel Porto, 1986, páx. 114), sucedéndoo Manuel Bartolomé Cossio, que as valoraba especialmente, entre outras razóns porque permitirían combater o monopolio dos libros de texto. A primeira expedición será á Serra do Guadarrama, o 14 de xullo de 1883. A ILE será quen teña unha maior práctica excursionista de carácter educativo, reseñando o *The Times* (1884) de Londres que non existía unha escola igual en Europa (Eugenio Otero, 1998, páx. 172). Farán moitas conxuntamente con outras institucións: Sociedade Española de Historia Natural, Museo de Ciencias Naturais de Madrid, Museo Pedagóxico Nacional...

Outras experiencias excursionistas, tamén influenciadas pola ILE, foron as desenvolvidas polo *Orfanato Mineiro* de Oviedo (1930-1936), baixo a dirección de Ernesto Winter Blanco, ou as practicadas polo *Instituto Escola* de Madrid (1918), Barcelona (1931), Sevilla (1932) e Valencia (1932) co profesorado de segunda ensinanza.

A relevancia que se lle atribúe á ILE no ámbito que nos ocupaponse de manifesto no feito de que moitos autores a consideren como a creadora dos primeiros antecedentes dos actuais EqEA. Así, José Gutiérrez (1993) sinalará como primeiro equipamento ambiental de alta montaña o Twenty Club (1907) na Serra de Guadarrama.

No excursionismo científico galego destaca a figura de Antón Vila Nadal, profesor da Universidade de Santiago e promotor da Estación de Bioloxía Mariña de Carril. Entre 1886 e 1903 levou polas escolas un acuario itinerante que fixo para que os rapaces do interior coñeceran a riqueza do noso litoral; probablemente se trate do primeiro EqEA móbil galego. Outros naturalistas significados son Víctor López Seoane, J. Soto Campos, Rico Jimeno e Baltasar Merino. Entre as entidades promotoras destaca a *Misión Biolóxica de Galicia* en Pontevedra, a *Junta de Ampliación de Estudos e Investigaciones Científicas* (colaborará co *Seminario de Estudos Galegos* na catalogación de monumentos, xacigos e patrimonio tanxible e intanxible de interese etnográfico) e a *Universidade Popular da Coruña* (creada en 1905 promoverá, a través dos Grupos excursionistas, a visita a museos, fábricas e centros de investigación; será moi activa a sección de Ferrol).

As excursións e os *paseos escolares* tamén foron unha práctica frecuente. Antón Costa sinala como exemplos a colonia itinerante de Compostela a A Garda (1893), as colonias desenvolvidas en Vigo e A Coruña, as experiencias anarquistas da Coruña e Ferrol (1918), as levadas a cabo polas Escolas de Emigrantes (do Val Miñor, de García Naviera en Betanzos...) e as realizadas nas escolas polos mestres da II República (Xosé A. Fraga, 1990, páxs. 12-13). Con todo, a primeira referencia coñecida, como xa indicamos, é de 1886: trátase dun escrito de Vicente Pérez Sierra ao reitor da Universidade de Santiago no que propón que as tardes do xoves se adiquen a este mester. Esta proposta tivo repercusións prácticas, pois na provincia de Lugo foron varias as Xuntas Locais de Ensino Primario que promoveron as excursións, suscitándose mesmo unha certa rivalidade entre unhas localidades e outras por mor de quen as iniciara (Narciso de Gabriel, 1989, páx. 61).

O movemento anarquista estivo especialmente interesado na cultura ecolóxica, promovendo o cambio de actitudes e valores na relación das persoas coa Natureza. A *Escola Moderna, Científica e Racional* fundada no 1901 por Francisco Ferrer i Guardia percibirá

os paseos escolares como un interesante recurso para coñecer espazos de interese natural, industrias e explotacións: tocar, examinar, disecar, todo é unha necesidade na infancia, recoñecerá Ferrer (1978, páx. 172). José A. Caride e Pablo Meira (2001, páx. 148) suliñan que incorporan unha dimensión política que os achega aos argumentos da ecoloxía contemporánea.

Lonxe dos obxectivos dos ilustrados, as excursións tamén se utilizaron para fortalecer o espírito e a *identidade nacional*, por percíbírense como un medio para coñecer a realidade e estudala (Jordi Martí-Henneberg, 1996). Niste sentido, existirán na Galiza experiencias con fortes sentimentos nacionalistas (*Mocedades Galeguistas*, *Grupo arredista Ultraya*, *Sociedade Galega Excursionista*, *Los amantes del campo...*), entre as que merece unha mención especial o Seminario de Estudos Galegos. Foi creado o 12 de outubro de 1923 por estudantes universitarios, aos que se sumarían profesores e membros do grupo Nós, e realizarán excursións de carácter científico (*xeiras*) para o estudo multidisciplinario do contorno; a primeira delas será no verán de 1926 a Monforte e a primeira na que participan todas as Seccións do Seminario percorrerá as terras do Deza o 29 de xuño de 1928 (Alfonso Mato, 2001).

O carácter polifacético do excursionismo foi esmorecendo para predominar progresivamente o interese deportivo e recreativo do mesmo (Santos Casado, 2001, páx. 45), tal e como está a acontecer hoxendía cos EqEA.

3. Centros educativos no medio natural

Dende que Juan Amós Comenio (1592-1670) recomendara organizar a ensinanza segundo o comportamento da Natureza, Baltasar Gracián (1601-1658) presentara a antinomia natureza-sociedade e Jean J. Rousseau (1712-1778), finalmente, sistematizara o mito da "educación natural", atopamos numerosas iniciativas de aprendizaxe a través da experiencia no medio natural. Así, Johann Pestalozzi iniciará o movemento da *escola activa* na súa Granxa de Neu Hof (1780-1798) onde os nenos aprenderán agricultura, constituíndo un referente obrigado da educación na natureza (José Gutiérrez, 1993, páx. 197). Esta experiencia inspirará a Leon Tolstoy para fundar en plena natureza unha escola gratuita para os fillos e fillas dos labregos, Yasnaia Polaina (1859), e a Federico Fröebel para crear os xardíns de infancia, onde os pequenos se desenvolven en contacto coa natureza e as xentes (Jurjo Torres, 1991), sendo o seu método pedagóxico un dos referentes da ILE (Buenaventura Delgado, 1998, páx. 163) e exercendo unha grande influencia na concepción arquitectónica das escolas (os edificios da ILE contarán con *xardíns Fröebel* para realizar diferentes tarefas fóra das aulas).

No contexto social da Escola Nova, xurdirán numerosos centros influenciados por movementos como o industrialismo, o socialismo, o anarquismo, o conservacionismo, o naturalismo, o empirismo, o krausismo, as teorías bioxenéticas, etc. A primeira das iniciativas da Escola Nova foi obra de Cecil Reddie, *Abbotsholme* (1889), situada perto de Londres. Outras iniciativas ineresantes son as promovidas por John Dewey, que fundará en Chicago a *Escola laboratorio ou Escola experimental* (1891), centrada no contacto co medio físico e social e no traballo manual, co fin de que os nenos e nenas se desenvolveran intelectual e moralmente. Tamén Celestín Freinet, fundador da *Escola Moderna*,

será consciente da interdependencia de escola e medio e dos condicionamentos sociais; para Jaume Trilla (1997, páx. 187) é o precursor da Pedagogía Ambiental e de concepcións como a “cidade educativa”. Adolphe Ferrière, a través da *Escola de Glarissey*, recuperará o contacto coa realidade e os feitos. O coñecemento do medio será relevante no desenvolvemento das persoas segundo Ovidio Decroly, fundador de *l'Ermitage* (1907): recomendará afastar aos nenos das cidades e situalos no medio natural, onde atoparán os verdadeiros estímulos educativos (Jurjo Torres, 1991, páx. 32)

Unha das máis importantes realizacións inspiradas nos principios da Escola Nova son as *Escolas ao ár libre*, influenciadas por iniciativas europeas e norteamericanas como *Waldschule* de Charlottenburg (Berlín, 1905), *Bartold Otto* en Lichterfelde (1906), a *Open Air School* (Londres, 1908), a *Fresh Air School* (EE.UU., 1911). A primeira experiencia deste tipo de escolas, que constitúen un importante referente para os actuais EqEA, tivo lugar en París en 1890, a cargo do mestre Gastón Lemonnier e baseada nunha idea do alemán Dr. Baguinsky (José M. Bernal, 2000, páx. 173).

Inicialmente creáronse con fins profilácticos, isto é, para os nenos e nenas enfermos das clases populares. No Estado español destaca a *Escola do Bosque* de Barcelona; é unha escola para nenas no Parque de Montjuic (1914), dirixida por Rosa Sensat, na que se deixa sentir a influencia de María Montessori, creadora da Casa dei Bambini (1907), así como doutras experiencias visitadas por esta mestra: a escola de Ovidio Decroly, Edouard Claparède, o Instituto Rousseau de Xinebra, etc. Desenvolverá propostas de educación natural activa onde o contacto coa natureza ten fins educativos. Este centro será considerado pioneiro e recibirá visitas reiteradas de Jean Piaget e Edouard Claparède. Moitos autores consideran esta experiencia un precedente das actuais Aulas de Natureza; a filla de Rosa Sensat, Angeleta Ferrer, colaborará activamente na creación da *Escola da Natura* que hoxe leva o seu nome, xestionada polo Instituto Municipal de Badalona.

Otras iniciativas senlleiras son a *Escola do bosque*, situada na Dehesa da Vila (Madrid), para párvulos e nenas, que foi moi criticada pola súa ubicación, falla de instalacións, elevado número de nenas por mestra, extensos horarios e os poucos meses que abría ao ano –de marzo a novembro–; a *Escola do Mar* de Barcelona, inaugurada en 1922 e dirixida por Pere Vergés; ou as *Escolas do Ave María*, creadas en Granada polo Padre Manjón para os nenos pobres e xitanos, que practicarán dun xeito intuitivo a consigna de “aprender facendo”.

No tocante a Galiza, son escasas as iniciativas existentes neste ámbito. Podemos incluír aquí as Escolas-Granxa, similares ás doutros países europeos (a Escola de Horticultura de Londres ou a Escola-horta de Berlín), como a de Gregorio Sanz en Ribadeo, na que se favorece o estudo e a experimentación no medio co fin de facilitar o desenvolvemento integral dos meniños. Ou os *museos escolares*, confeccionados polos rapaces e rapazas, que durante as súas saídas ían recollendo e catalogando plantas e insectos para confeccionar coleccións naturalísticas. A ILE defenderá que non se merquen os materiais dos Museos, senón que sexan elaborados polo propio alumnado. Eugenio Otero (1998, páx. 173) sinala que durante a II República comenza a espertar entre os mes-

tres e as mestras “certa conciencia ecoloxista” fronte ao extendido espírito recolector, que nalgúns casos levou a estragar niños, matar animais, arrincar exemplares selectos, etc.

4. Iniciativas con fins de carácter socio-económico

Existe unha serie de iniciativas centradas no mundo agropecuario, base da economía do país ata datas relativamente recentes. Algunha destas iniciativas están vencelladas ao mundo escolar, mentres que outras teñen un carácter autónomo.

Entre estas últimas, podemos citar en primeiro lugar as *Sociedades Económicas de Amigos do País*, que tiñan como un dos seus principais obxectivos fomentar o desenvolvemento da agricultura e da industria. Son expresión do movemento intelectual do século XVIII que busca a mellora científica e cultural a través da formación, promovendo escolas, tertulias, publicacións... No Estado creáronse 81 Sociedades entre 1765 e 1808, sendo a primeira delas a do País Basco (1748) e creándose a primeira galega en Santiago o 15 de febreiro de 1784 (Jurjo Torres, 1978, páx. 229).

A Sociedade de Santiago estará dinamizada polos catedráticos da Universidade e as xerarquías eclesiásticas. Un dos seus propósitos consistía en procurar o desenvolvemento da agricultura, para o que proporán e, no seu caso, porán en práctica diversas medidas: convocatorias de premios para os labregos que plantasen castiñeiros, carballos e pinoabetos; redacción de cartillas rústicas ou de agricultura; análise das variedades de cultivo máis acaídas a cada territorio; formación dos os párrocos como mediadores para introducir innovacións; creación de escolas de agricultura, museos, gabinetes de historia natural, laboratorios biolóxicos, xardíns botánicos, escolas rexionais de agricultura, etc. (Jurjo Torres, 1978, páxs. 314-379). Interézanos destacar as *granxas-modelo*, como pre-escolas de agricultura, que dispuñan de parcelas para representar a diversidade de terreos, climas e cultivos galegos, e nas que o alumnado, financiado polo Goberno e as Deputacións, permanecía por tres ou catro anos formándose; os *campos de ensaio*, como a escola teórico-práctica sita na rúa do Sar, que funcionará tamén como medio de reeducación de delinquentes a través do traballo (Ibid., páxs. 357-358); e *granxas-escola*, iniciativa máis realista que as granxas-modelo para unha realidade minifundista, pensadas para difundir innovacións aplicables a pequenas hortas.

Outras experiencias singulares son a *Academia de Agricultura da Coruña* (1765), de ideoloxía liberal, que tentará promover a racionalización das explotacións, a conservación do monte veciñal e a mellora na comercialización dos produtos; a *Granxa Agrícola-Experimental* da Coruña (1888), que perseguirá incrementar a produción agrícola mediante a aplicación de novas tecnoloxías e mellorar o sector gandeiro; e o *Parque-Escola* de Santa María de Ortigueira (A Coruña), inaugurado o 22 de setembro de 1876, e creado por Graells para frear a sobreexplotación do medio mariño, se ben os seus propósitos terán que facer fronte á oposición dos veciños.

Existen, como xa dixemos, diversas iniciativas relacionadas co mundo escolar, e fundamentalmente coa escola primaria. Neste caso, ademais dunha pretensión de carácter técnico (difundir coñecementos que contribúan á renovación das prácticas agropecuarias co propósito de mellorar a súa produtividade), obsérvase unha finalidade didáctica (apro-

veitar os recursos do medio agrícola e gandeiro para millorar as prácticas de ensino-aprendizaxe) e socio-política (inculcar o apego dos nenos e nenas ao medio rural). No Estado español a introducción do ensino agrícola nas escolas consiste nun primeiro momento no estudo dunha pequena cartilla de agricultura, pero esta fórmula instructiva percibiuse axiña como limitada, dado o carácter práctico que requería un ensino destas características.

Animadas por esta pretensión, xurdirán diversas propostas, de carácter público e privado, que en esencia consisten en dotar á institución escolar dun espazo no que poder facer determinados cultivos e, no seu caso, prácticas pecuarias e forestais. Identificaremos e caracterizaremos brevemente algunhas destas propostas e realizacións:

a) Os *campos de demostración agrícola*, introducidos polo Conde de Romanones a través dun Real Decreto en 1905, no que se obriga aos Concellos de máis de 750 habitantes a divulgar dun xeito práctico os modernos procedementos de cultivo. O número de experiencias desenvolvidas será moi escaso, polo que se decretará anos máis tarde, no 1921, a creación de *campos agrícolas* anexos ás escolas nacionais nas poboacións rurais (Narciso de Gabriel, 1989).

b) José López Otero, profesor da Escola Normal de Pontevedra, publicou *Los jardines escolares*, onde propón, atendendo ás características singulares do noso territorio, como deberían ser os *xardíns-escolares* galegos: iniciativas a cabalo entre os campos de experimentación e os campos de demostración. No ano 1935 tense constancia do funcionamento de xardíns en Fornelos, Budiño, Portas e Guillarei (*Ibid.*, páx. 69); na escola de Budiño realizábase ademais unha verdadeira experiencia educativo-empresarial, a *Cooperativa Rural Escolar* (1932), promovida por Luis Carragal Peón.

c) Os *cotos escolares*, asociados ás Mutualidades de Previsión, son institucións extra-escolares formadas por nenos e nenas en idade escolar e os seus mestres; permitirán relacionar a escola co seu medio físico e social, ao tempo que cubrir determinadas carencias económicas a través do traballo productivo. O seu nivel de difusión non foi moi elevado, por non ser doado dispor de terreos onde crear viveiros forestais, hortos, explotacións gandeiras ou artasanais; con todo, no ano 1957 existían 1.437 experiencias no Estado. Aínda que o primeiro será de índole forestal, o da *Mutualidade Infantil Santa María* (Barrio-Álava), a modalidade máis estendida serán os Cotos agrícolas (Narciso de Gabriel, 1989, páx. 41), onde se realizaban labores de diverso tipo (análise do chán, cultivo de frutais e plantas de consumo, creación de viveiros...) que permitían ademais a observación e o estudo da Natureza.

d) As *Sociedades de Instrucción* nas que se organizaron os nosos emigrantes ao longo do primeiro tercio do século XX, co propósito de contribuir á mellora dos seus lugares de orixe, centraron unha boa parte das súas realizacións no campo escolar. As escolas por elas creadas, inspiradas en principios pedagóxicos de carácter innovador, adoitaban manifestar un especial interese polo ensino agropecuario, polo que a miúdo dispuñan de campos de experimentación agrícola (Antón Costa e Vicente Peña, 1974, páx. 215).

e) As *Festas da árbore* son unha resposta á perda do bosque autóctono e pretendían a recuperación dun territorio fortemente deforestado. Son produto dos primeiros move-

mentos conservacionistas alemáns e da expansión da ciencia e da ensinanza forestal, que Josefina Gómez de Mendoza define como “o nacemento e explosión do naturalismo forestal decimonónico” (Pedro Alcanda, 2000, sen/pax.), mais tamén da sensibilidade do sector forestal ante o fenómeno da deforestación. No Congreso Internacional de Silvicultura de 1899, celebrado en París, recoméndase a incorporación dunha disciplina nas escolas primarias para favorecer a conservación do monte; a partir de 1900 creáronse numerosas *Sociedades Escolares Forestais*.

A primeira *Festa da árbore* é a celebrada no 1805 nun pobo perto de Palencia (Badajoz), aínda que o habitual é dar como referencia a celebrada en Barcelona no ano 1898, coincidindo coa fundación da *Sociedade Amigos da Festa da Arbore*. Consciente da súa transcendencia, a Administración apropiárase desta iniciativa, promulgando o Ministerio de Fomento unha Real Orde (16 de outubro de 1914) pola que se crea a *Sociedad Amigos del Arbol*, que impulsará estas Festas; a partir delas, xeralizaranse experiencias como rotular as árbores cos nomes científicos e vulgares, colocar niños artificiais ou comedeiros para aves. Destacará a actividade desenvolvida pola *Sociedad de Amigos de los Árboles* na Coruña, que realizou plantacións con escolares e público en xeral entre 1912 e 1915.

5. Colonias escolares de vacacións, colonias infantís e semicolonias

As *colonias de vacacións* créanse oficialmente pola Real Orde do 26 de xullo de 1892 e consolidáronse coa etapa republicana. Xurdirán cunha triple finalidade: hixiene preventiva, contacto coa natureza e formación cultural dos nenos e nenas urbanos de clases populares. Na Orde pódese ler: “*as colonias escolares de vacacións son unha obra esencialmente pedagóxica e de hixiene preventiva a prol dos nenos debis das escolas públicas; dos máis pobres entre os máis debis, e dos máis necesitados entre os máis pobres; pois o seu fin primordial é, ante todo, procurar a saúde por medio do exercizo natural en pleno campo, pola limpeza, o bo alimento e a ledicia*” (Angel Porto, 1985, páxs. 201-202; Pedro Luis Moreno, 2000, pág. 141). Serán promovidas por Deputacións Provinciais, Concellos, Sociedades Económicas de Amigos do País, Museo Pedagóxico, ILE, Escolas Normais, entidades de aforros, partidos políticos e a través de suscripcións privadas.

A primeira foi desenvolvida polo pastor protestante W. Bion, en 1876, que levará a 68 nenos ás montañas suizas (Antonio Jiménez-Landi, 1997, pág. 58); no Estado español será en San Vicente de la Barquera (Cantabria) con 18 nenos das escolas públicas de Madrid, durante 33 días (José Gutiérrez, 1993; Eugenio Otero, 1998; Joaquín Fernández, 2002). No Boletín da ILE (nº 300 e 301) pódese atopar unha interesante “historia” dende os seus inicios en Europa, realizada por Manuel B. Cossio.

Ademáis do desenvolvemento integral dos nenos e nenas, con especial fincapé no seu estado físico, as colonias promoven a convivencia entre os mestres e o seu alumnado, que a través do xogo, os paseos, a recollida de mostras, etc. continuaban o traballo escolar nun marco diferente: moitos mestres e mestras entenderanas como unha institución complementaria da escola. Os diarios dos colonos e dos seus mestres constitúen un interesante fondo documental, xa que tiñan que ir reflectindo todos os días aspectos organizativos, educativos, de contidos, investigacións, así como o “concepto da infancia”.

Coa II República, as Colonias recibirán un importante apoio económico, ampliando a tipoloxía de alumnado e vencellando máis aos mestres na xestión. Josep González-Agábito e outros (2002, páxs. 318 e 608) recollen como foron consolidándose en Barcelona: no ano 1906 participan 120 escolares, 2.601 no 1930 e 6.850 no 1935.

Ao tempo que se consolidan as experiencias, vaise creando a necesidade de contar con instalacións fixas e adaptadas, e así vanse mercando terreos: a viuva de Mata cederá terreos en Asturias ao *Museo Pedagógico* para construír a súa casa de Colonias. Estas propostas máis consolidadas son referentes ben achegados aos actuais EqEA. Tamén resulta un referente interesante o proceso de profesionalizar ao profesorado que vai ás Colonias.

Na Galiza a situación será máis precaria. A primeira colonia realizouse por iniciativa dunha Comisión da *Sociedade Económica de Amigos do País* de Santiago, que vían nela unha oportunidade para que os fillos da clase proletaria poideran restablecer a súa saúde (Antón Costa, 2001); tivo carácter itinerante e saíu o 31 de xullo de 1893 de Santiago, para percorrer Carril, Cambados, Serantellos, A Póboa, Vilaxoán, a Illa de Cortegada, Vilagarcía e rematar en A Garda, o 27 de agosto. Os profesores responsables foron Félix Gila Fidalgo, Juan Yangüela e Luis López Elizagaray. O fillo de Concepción Arenal, Fernando García Arenal, xunto con Fernando Conde e Ramón Gil, encargáronse das colonias da ILE de Vigo dende 1904, primeiramente no Carballiño (Ourense) e máis adiante na Estrada (Pontevedra) nunha finca da Fundación Fernando Conde, co apoio económico dos emigrantes e da Caixa de Aforros de Vigo. En 1929, sendo concelleiro de Vigo e vocal da Comisión de Colonias da Caixa de Aforros Emilio Martínez Garrido, vaise construír un edificio no monte do Rebullón (Tameiga-Mos), a poucos quilómetros de Vigo, destinado a Colonias escolares, dun xeito similar ao que existía en Pedernales (Bilbao): terá capacidade para 70 rapaces e rapazas das escolas públicas viguesas, en réximen de 21 días, e contará cun equipo composto por dous mestres, un garda, unha cociñeira, dous axudantes, dous auxiliares e catro lavadeiras.

Outras colonias serán as promovidas pola Universidade de Santiago en Rianxo (A Coruña) (1923 e 1924); as da ILE –en concreto polo curmán de Cossio, José López Cortón– en As Lagoas (Sada-A Coruña) (1902-1908); as do Sanatorio Marítimo Nacional de Oza, baixo a dirección de Ortiz Novo, ou dos Sanatorios de Vilaxoán, da Lanzada e da Toxa; as do Centro Obrero de Cultura de Ferrol (1916, 1927), que proxectou organizar unha con carácter permanente en Valdoviño; a Colonia escolar Reina Victoria para orfos e pensionistas do maxisterio en Cabanas (A Coruña); as organizadas polo Inspector-Xefe da provincia de Lugo en Foz (1912-1914); as do Patronato de Protección escolar lucense en Barreiros (1927-1931) e en Santiago de Reinante (1932-1935); as da Asociación Pedagóxica de Pontevedra en Lalín (1925-1926), Pontecaldelas (1927-1928) e Forzanes (1929-1933); as da Cruz Bermella no Dispensario Antituberculoso de Ferrol (1923-1927), no sanatorio de Oza e no Colexio Modelo da Coruña, en Redondela (Pontevedra) ou en Cesures (A Coruña).

A Guerra Civil rachará con estas experiencias; durante o conflito bélico as Colonias foron o albergue de moitos nenos e nenas, convertíndose en residencias permanentes, que tiveron que automanerse, complementando as actividades educativas coas productivas, nor-

malmente de tipo agrícola e gandeiro, como as de Montcelimar, Mas Pins ou Montenegro: hoxendía estas tres últimas son aulas da natureza (José Gutiérrez, 1993, páx. 211).

Tamén haberá *colonias de verán e campos de traballo* de inspiración anarquista, para afastar aos obreiros das actividades “inmorais” e orientar o seu escaso tempo de lecer cara actividades culturais e participativas (Oscar M. Freán, 1997, páx. 48); tras a Guerra Civil terán grande actividade, alonxando aos nenos e nenas das zonas de conflito: en 1937 tiñan funcionando 560 colonias con máis de 50.000 evacuados (Joaquín Fernández, 2002, páx. 446).

Máis, a medida que foron institucionalizándose, houbo moitas modalidades: as *semi-colonias*, con forte carácter hixienista, onde os raparigos estaban polo día realizando actividades na natureza e voltaban pola noite ás súas casas; as *colonias permanentes*, nas que os doentes permanecían longas tempadas ata recuperárense de afeccións graves; as colonias para *públicos específicos* (rapaces con deficiencias físicas, fillos de traballadores de determinadas empresas, etc.); as *colonias infantís*, dirixidas por enfermeiras e con fins terapéuticos; as *cantinas escolares*, con fins sociais e educativos, facilitaban o xantar e a cea de forma gratuita, etc.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALCANDA, Pedro (2000): Evolución de la profesión forestal y el concepto de gestión forestal sostenible. Referencias históricas” en <http://da.montes.upm.es/seminarios/rural/hforestal.htm>
- BERNAL MARTÍNEZ, José Mariano (2000): “De las escuelas al aire libre a las escuelas de la naturaleza” en en *Areas. Revista de Ciencias Sociales (Monográfico “Higienismo y Educación (ss. XVIII-XX)”*). Nº 20. Páxs.: 171-182.
- CARBONELL, Jaume (2000): “La memoria, arma de futuro” en VARIOS AUTORES, *Pedagogías del siglo XX. Cuadernos de Pedagogía. Especial 25 años*. Barcelona: CissPraxis. Páxs.: 5-12.
- CARIDE, José A. E Pablo MEIRA (2001): *Educación ambiental y desarrollo humano*. Barcelona: Ariel.
- CASADO, Santos (2001): *Quiroga, Calderón, Bolívar. La ciencia en el campo, naturaleza y regeneracionismo*. Madrid: Nívola.
- CASTEL, Robert (2001): “Presente y genología del presente. Pensar el cambio de una forma no evolucionista” en *Archipiélago. Cuadernos de Crítica de la Cultura*, nº 47. Páxs.: 67-74.
- COSTA, Antón (2001): *A Colonia Escolar Compostelana de 1893. Primeiro Centenario*. A Coruña: Consorcio de Santiago.
- e Vicente PEÑA (1974): “Sociedades de Instrucción” en Silverio CAÑADA (Ed.), *Gran Enciclopedia Gallega*. Vitoria: Heraclio Founier S.A. Tomo 28, páxs.: 215-218.
- DELGADO, Buenaventura (1998): *Historia de la Infancia*. Barcelona: Ariel.

- FERNÁNDEZ, Joaquín (2002): *Educación Ambiental en España (1800-1975)*. Madrid: Raices e Obra Social de Caja Madrid.
- FERRER i GUARDIA, Francisco (1978): *La Escuela Moderna*. Bilbao: Zero Zyx
- FRAGA, Xosé A. (1989): "Precedentes históricos da educación ambiental en Galiza: recuperar un pasado para unha educación ambiental propia e con futuro" en *II Jornadas de Educación Ambiental*. Madrid: Ministerio de Obras Públicas y Urbanismo. Vol. II. Páxs.: 347-349.
- (1990): "Pasado e presente da educación ambiental en Galicia", en Manuel P. BRAÑAS ET AL. (Coords.), *Encontro sobre Educación Ambiental en Galicia. Ponencias e Comunicaci3ns*. Santiago: Xunta de Galicia. Páxs.: 9-30
- FREAN, Oscar M. (1997): "A sociabilidade pedag3xica libertaria e a Educaci3n para a paz: elementos para unha confluencia" en Xosé M. CID, María D. DAPÍA e Reyes FERNÁNDEZ (Coord.), *Por unha Escola do Pobo. No Centenario de C. Freinet (1896-1996)*. Ourense: Universidade de Vigo. Páxs.: 45-50.
- GABRIEL, Narciso de (1989): *Agricultura e escola. Contra a rutina e o ex3do rural*. A Coruña: O Castro.
- GONZÁLEZ-AGÁPITO, Josep, Salom3 MARQUÉS, Alejandro MAYORDOMO e Bernat SUREDA (2002): *Tradici3 i renovaci3 pedag3gica. 1898-1939. Hist3ria de l'educaci3. Catalunya, Illes Balears, Pa3s Valencià*. Barcelona: Publicaci3ns de l'Abadia de Montserrat.
- GUITIÉRREZ, Jos3 (1993): *Criterios Metodol3gicos para la Fundamentaci3n y Evaluaci3n de la Educaci3n Ambiental no Formal*. Tese de Doutoramento. Universidade de Granada. Vol. I.
- JIMÉNEZ-LANDI, Antonio (1997): *La Instituci3n Libre de Enseñanza y su ambiente*. Madrid: Editorial Complutense. Tomo III.
- MARTÍ-HENNEBERG, Jordi (1996): "El excursionismo: entre la ciencia y la est3tica" en *Mundo Científico*, nº 173. Páxs.: 962-969. (Tam3n en *Scripta Vetera. Edici3n electr3nica*. <http://www.ub.es/geocrit/sv-23.htm>)
- MATO, Alfonso (2001): *O Seminario de Estudos Galegos*. A Coruña: Edici3ns do Castro.
- MORENO, Pedro Luis (2000): "La protecci3n a la infancia en Cartagena (1908-1936): instituciones e iniciativas" en *Historia de la Educaci3n. Revista Interuniversitaria*, nº 18. Páxs.: 127-147.
- OTERO, Eugenio (1998): "Excursi3ns na natureza e educaci3n en valores: unha nova perspectiva" en *Revista Galega do Ensino*, nº 21. Páxs.: 171-180.
- PALACIOS, Jes3s (1984): *La cuesti3n escolar. Cr3ticas y alternativas*. Barcelona: Laia.
- PORTO, Angel (1986): *La Instituci3n Libre de Enseñanza en Galicia*. A Coruña: Ed. do Castro.

- POUSA ANTELO, Avelino (1988): *Unha escola para a Galicia rural: A Escola Agrícola da Granxa Barreiros (Sarria-Lugo)*. A Coruña: Edicións do Castro.
- TORRES, Jurjo (1978): *La educación en la Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago (S. XVIII-XIX)*. Universidade Pontificia de Salamanca. Tese de Doutoramento. Vol. I.
- (1991): *A educação infantil*. Ourense: MRP ASPGP.
- TRILLA, Jaume (1997): "A interacción escola-medio: un reto para a renovación pedagóxica" en Xosé M. CID, María D. DAPÍA e Reyes FERNÁNDEZ (Coord.), *Por unha Escola do Pobo. No Centenario de C. Freinet (1896-1996)*. Ourense: Universidade de Vigo. Páxs.: 183-200.